

BOLETÍN DE INSCRICIÓN (matrícula gratuita)

Apelidos e nome

.....
.....

DNI

Enderezo

.....
.....

Teléfono

Correo-e

Ocupación

estudante (titulación que cursa):

.....

empregado (centro de traballo):

.....

desempleado

*Remitir por correo ordinario a Trisquelia, rúa de García Camba nº 4, 3º A;
36001 Pontevedra ou indicando os datos requeridos á dirección
d.dopazo@poderjudicial.es.

*Entregarase diploma acreditativo.

1 crédito de libre configuración

Resolución da USC de 24/09/2010 para alumnos da Facultade de Dereito e Escola de RR.LL. da USC (inscripción enviando correo electrónico á dirección d.dopazo@poderjudicial.es indicando nome e apelidos, DNI, teléfono de contacto e centro ao que pertencen. Data máxima de remisión de solicitudes: 14:00 horas do 15 de decembro).



Instrumentos Xurídicos
de loita contra a
Sinistralidade Laboral



Organiza

XUICES para a DEMOCRACIA

Entidades colaboradoras



17 e 18 de decembro de 2010

Santiago de Compostela
Salón de Actos Facultade de Dereito da USC

No noso país existe unha elevada taxa de sinistralidade laboral que fai precisa unha labor de concienciación de toda a sociedade sobre a importancia da prevención, especialmente en momentos de crise económica e redución de custos.

A finalidade básica destas Xornadas é a de dar a coñecer os instrumentos xurídicos cos que contan as diferentes Administracións Públicas e os colectivos directamente vinculados ao mundo do traballo (empresas e sindicatos, nomeadamente) para garantir a efectiva aplicación da normativa sobre prevención de riscos laborais e a erradicación da sinistralidade laboral.

Por outra banda, preténdese achegar unha visión multidisciplinar das ferramentas existentes neste eido. Así, é obxectivo das xornadas que a sociedade poida ter coñecemento das estratexias empresariais e sindicais de prevención de riscos e das competencias que a Administración Autónoma vén asumindo a través de diferentes instrumentos (como o ISSGA) para o asesoramento, asistencia técnica, avaliación e control do cumprimento da normativa de seguridade e saúde laboral. Asemade e para caso de que a conducta irregular se produza, incídese nas funcións e na capacidade de actuación doutras Administracións (Inspección de Traballo, Forzas de seguridade e Xustiza) coa finalidade de investigar as causas e os responsables do sinistro e a reacción penal (cos seus límites) fronte a el. Por outra banda, tamén se analizan os medios cos que conta o Ordenamento Xurídico para reparar o dano físico ou moral causado ao traballador/a accidentado/a, sinalando as diferentes prestacións ás que vén obrigada a Seguridade Social e as indemnizacións que se poden fixar tanto na Xurisdición civil como na laboral.

Por último, preténdese ofrecer unha análise máis concreta de dous sectores de produción de grande importancia (a construción e o traballo no mar) tanto pola elevada taxa de accidentes laborais que neles se producen como polas especificidades que posúen.

Instrumentos Xurídicos de loita contra a Sinistralidade Laboral

PROGRAMA

VENRES 17 DE DECEMBRO

09.00

Presentación das xornadas, acreditación e entrega de documentación

09.30

Estratexias institucionais, sindicais e patronais en materia de prevención

Relatora: Dona Beatriz Mato Otero – *Conselleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia*

10.30

Mesa _ Estratexias de prevención laboral

Relatores

A. Dona Mar Serna Calvo – *Consellera de Treball de la Generalitat de Catalunya*

B. Representantes da Patronal

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

Federación Galega da Construción (FEGACONS)

C. Representantes dos Sindicatos

Comisións Obreiras (CCOO)

Confederación Intersindical Galega (CIG)

Unión Xeral de Traballadores (UGT)

12.00

Descanso

12.30

Mesa _ Investigación e acusación en materia de seguridade laboral

Relatores

A. Ministerio Fiscal

Dona Marta Durántez Gil – *Fiscal Delegada Provincial de Sinistralidade Laboral adscrita á Fiscalía de Pontevedra*

B. Inspección de Traballo

Dona María Luísa García Gutiérrez – *Inspectora de Traballo e da Seguridade Social. Xefa da Unidade especializada de Saúde e Seguridade Laboral da Inspección Provincial de Traballo de Pontevedra*

C. Forzas de Seguridade

Don Pablo Enrique Rodríguez Pérez – *Xefe da Subinspección Central da Policía Xudicial. Policía Municipal de Madrid*

14.30

Finalización

16.15

A resposta penal (I). Os delitos de imposición de condicións abusivas, tráfico e discriminación

Relator: Don José Manuel Lorenzo Salgado – *Catedrático de Dereito Penal da Universidade de Santiago de Compostela*

17.30

Descanso

18.00

A resposta penal (II). A protección á vida, saúde e integridade física do traballador: tipos penais e responsabilidade civil derivada do delito

Relator: Don Luciano Varela Castro – *Maxistrado da Sala II do Penal do Tribunal Supremo*

19.15

Descanso

19.45

Os sistemas de reparación do dano (I). As prestacións e indemnizacións por accidentes de traballo no eido laboral.

Relator: Don Francisco Javier Gárate Castro – *Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela*

21.00

Finalización

SÁBADO 18 DE DECEMBRO

09.15

Os sistemas de reparación do dano (II). A seguridade no traballo: distintas respostas das xurisdicións civil, contencioso administrativa e social e necesaria superación cara a unha lei integral. A reforma da Lei de Procedemento Laboral

Relator: Don Fernando Salinas Molina – *Maxistrado da Sala IV do Social do Tribunal Supremo*

10.15

Descanso

10.45

Autoría e participación. A problemática determinación do suxeito responsábel ante a prevención de riscos no sector da construción

Relator: Don Jesús Fernández Entralgo – *Presidente da Audiencia Provincial de Huelva*

12.00

Descanso

12.30

A actuación inspectora ante os riscos do sector pesqueiro

Relatora: Dona Ana Pouso Lijó – *Inspectora de Traballo e Seguridade Social, especialista en seguridade de buques no mar*

14.00

Finalización

